

VI. ANUNCIOS
A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

ANUNCIO do 20 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, polo que se notifica o acto administrativo relativo ao procedemento BS403B (expediente 2021-00013554).

Logo de intentar en tempo e forma a práctica da notificación do acto que se relaciona no anexo sen que fose posible por causas non imputables á Administración, e tendo en conta que a publicación do seu contido íntegro pode lesionar dereitos e intereses lexítimos en virtude do disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícase a través deste anuncio o requirimento de emenda e mellora da solicitude que inicia o procedemento ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases polas cales se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declarados en situación de garda con fins adoptivos no ano 2021 e se procede a súa convocatoria (código do procedemento BS403B) publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 11, do 19 de xaneiro de 2021.

Para os efectos emprázase á persoa interesada que figura no dito anexo, por si ou a través da persoa que a represente legalmente, para que compareza no prazo máximo de dez (10) días contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, no Servizo de Conciliación Familiar da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Edificio Administrativo San Caetano, 8B, 15781 Santiago de Compostela), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, tendo á súa disposición o expediente para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica e efectuar a emenda e mellora da solicitude, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Se a persoa interesada non comparece no dito prazo, a notificación entenderase producida o día do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a notificación quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Advírteselle que de non facer a emenda no prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte á notificación do requirimento, practicada por comparecencia, terase por desis-



tida da solicitude, logo da resolución ditada ao abeiro do disposto nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022

Jacobo Rey Sastre
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Núm. de expediente	Persoa interesada DNI/NIE/pasaporte	Acto que se notifica e data
BS403B-2021-00013554	116572870	Requirimento emenda solicitude do 7.3.2022

